

II CARREIRA E ANDAINA POR UCRAÍNA



VILAGARCÍA DE AROUSA

Saída: Praza da II República
(Explanada Auditorio)

RUN
RUN

SÁBADO 27 DE SETEMBRO
ANDAINA (12 KM): 10:00H
CARREIRAS: A PARTIR DAS 18:00H

CATEGORÍAS:

SUB 10 (2016 - 2017) - SUB 12 (2014 - 2015) 1km
SUB 14 (2012 - 2013) - SUB 16 (2010 - 2011) 2kms
ABSOLUTA E SUB 18 (2009 e anteriores) 5 kms
ABSOLUTA E SUB 18 (2009 e anteriores) 10 kms

INSCRIPCIÓN:

Andaina: 10€ / Menores de 14: 6€
Carreira: 12€ / Menores de 14: 6€
FILA 0: Aportación voluntaria

INSCRIPCIÓNS EN: [EMESPORTS.ES/EVENTOS](https://emesports.es/eventos)

Organizado por:



Colabora:



REGULAMENTO II CARREIRA E ANDAINA SOLIDARIA POR UCRAÍNA DE AROUSA MOZA

Art. 1 - Arousa Moza organiza a II Carreira Solidaria por Ucraína o sábado 27 de setembro do 2025; en Vilagarcía de Arousa.

Art. 2 - Control de chips a través de Emesports.

Art. 3 - CATEGORÍAS, DISTANCIAS E HORARIOS DE SAÍDAS

Poderán participar na mesma todas as persoas que queiran, independentemente do sexo e idade, segundo as categorías que a continuación se establecen, tanto masculina como feminina.

CATEGORÍA	ANO	DISTANCIAS	SAÍDA
SUB10	2016 e posteriores	1000m	18:00h
SUB12	2014 - 2015	1000m	18:00h
SUB14	2013 - 2012	2000m	18:30h
SUB16	2011 - 2010	2000m	18:30h
SUB18	2009 - 2008	5000m	19:15h
ABSOLUTA	2007 e anteriores	5000m	19:15h
SUB18	2009 - 2008	10000m	20:00h
ABSOLUTA	2007 e anteriores	10000m	20:00h

*As distancias son orientativas e non homologadas.


No caso da andaina a saída realizarase ás 10:00h da Praza da II República (explanada do Auditorio Municipal) e terá unha duración aproximada de 3 horas e media (12 km). A hora marcada é a hora de inicio polo que se espera de todas as persoas participantes na andaina que acudan cunha marxe mínima de 15 minutos, 9:45h.

Art. 4 - LUGAR DE SAÍDA E PERCORRIDO

A saída de todas as carreiras será dende a Praza da II República (Explanada do Auditorio Municipal).

O percorrido da carreira será polas seguintes rúas:

Avda. da Mariña, Avda. Rivero de Aguilar, Rúa Peirao Pasaxeiros, Rúa Valle Inclán, Rúa García Caamaño, Rúa Alexandre Bóveda, Rúa Elpidio Villaverde e Avda. da Mariña.



No caso da andaina o percorrido será circular partindo e chegando á explanada do Auditorio Municipal e parando no mirador da cruz de Lobeira.

Art. 5 - INSCRICIÓN

A inscrición para a proba e a andaina realizarase ata o martes 23 de setembro ás 23:59h a través de Emesports.

A inscrición para a proba absoluta terá unha cota de inscrición de 12,00€ por participante, no caso dos menores de 14 anos será a cuota reducida de 6,00€.

A inscrición para andaina terá unha cuota de inscrición de 10,00€ por participante, no caso dos menores de 14 anos será a cuota reducida de 6,00€.

Unha vez transcorrido o prazo de inscrición non se fará ningún tipo de modificación. Ao ser unha causa solidaria, todo pago realizado será entendido como unha doazón, polo que non se realizará devolución dos mesmos.

Art. 6 - PREMIOS

A entrega de trofeos realizarase a partir das 21:00h. Na zona de saída/meta na explanada do Auditorio Municipal.

Todos os atletas premiados cumprirán estrictamente as indicacións da organización e os protocolos establecidos para recoller os trofeos.

Os premios que se entregarán aos participantes da proba serán os seguintes:

- Trofeo para os tres primeiros clasificados/as en cada categoría (masculina e feminina)

Art. 7 - RETIRADA DE DORSAIS E CHIPS

No Auditorio Municipal o día 27 de 17:00 a 20:00 h.

A organización con antelación suficiente facilitará a cada participante as instrucións para a recollida de dorsais e do desenvolvemento da proba no correo facilitado na inscrición e nos soportes dixitais que a organización empregue para a promoción e información do evento. Os dorsais son persoais e intransferibles e irán colocados na parte anterior do corpo de forma totalmente visible durante toda a proba.

No caso da andaina tamén será necesario retirar dorsal, pero estes repartiranse a partir das 9.30 am na Explanada do Auditorio Municipal.

Art. 8 - DESCALIFICACIÓNS

Non está permitido o acompañamento na proba de ningún vehículo alieo á organización, nin bicicletas, patíns ou persoas non inscritas na proba que poidan acompañar, avituallar ou marcar ritmos ós participantes. Asemade non se permite a participación con coches ou cadeiras de nenos, nin correr acompañados destes en ningún momento.

Art. 9 - RESPONSABILIDADE

A persoa participante declara, baixo a súa responsabilidade, que realizou o oportuno recoñecemento médico que lle permite estar en condicións óptimas para correr a proba. A organización non se fará responsable dos danos que puidesen causar ou causarse ás persoas participantes polas súas imprudencias ou negligencias.

A organización dispón dun seguro de accidentes e de responsabilidade civil que cubrirá as incidencias inherentes á proba.

Art. 10 - LEI DE PROTECCIÓN DE DATOS PERSOAIS

Todos/as os/as corredores/as, incluídos menores de idade, ao realizaren a inscrición, aceptan e autorizan á organización á publicación do seu nome, da súa imaxe e videos nas clasificacións, nos medios de comunicación e en internet ou noutro medio de difusión.

ART. 12 - SERVIZOS

A proba conta cun seguro de Responsabilidade Civil e un seguro de accidentes deportivos para os participantes.

Asemade contarase co servizo de asistencia médica.

Art. 13 - O feito de inscribirse nesta carreira implica a total aceptación do presente regulamento. Todos os inscritos fanse responsables de acatar dito regulamento e o seu descoñecemento non exime do seu cumprimento.

Art. 14 - Todo o non previsto no presente regulamento resolverase de acordo co regulamento de FGA, RFEA e WA en vigor e por esta orde.

NOTA: Mediante a súa inscrición a persoa participante consente expresamente que os seus datos básicos sexan cedidos a Arousa Moza para a tramitación, ante a compañía de seguros, dos seguros obrigatorios de accidentes e responsabilidade civil. En todo caso, e tal e como establece a Lei de protección de datos persoais, as persoas interesadas poden exercer no futuro os seus dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición mediante escrito ou correo electrónico a Arousa Moza.

A ORGANIZACIÓN: AROUSA MOZA, ENTIDADE PRESTADORA DE SERVIZOS Á XUVENTUDE